

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

"Son home afortunado"

14.08.2010 Alfredo Conde publica en setembro "Huesos de suerte", novela sobre o misterio da tumba do Apóstolo

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Gústalle navegar e a música clásica, pensa que un escritor ten que estar rodeado de libros xa que senón estará "fodido" e considérase afortunado por poder vivir da literatura. Alfredo Conde, político e escritor -entre outras cousas-, está sen vacacións, e a súa columna diaria e a súa próxima novela será o que o ocupe durante estes meses de estío.

Está a pasar un verán de traballo ou de pracer?

De traballo, xa que escribo o meu artigo diario en EL CORREO GALLEGO.

Pese a estar traballando, ten algún plan na mente?

Pois á parte de face-lo meu artigo, teño que sacar unha novela en setembro. A novela chámase *Huesos de suerte*, que fala de quen está na tumba do Apóstolo. Saber quen está alí é un misterio, e comezan a morrer canónigos.

Xa que o traballo o mantén ocupado, supoño que non se verá practicando o Xacobeo.

Non, ademais xa hai moito que fixen os Camiños de Santiago. Os Camiños, que non o Camiño. Traballei nunha serie arredor desa temática, polo que os fixen para documentarme.

Que é o que lle gusta máis do verán?

O que máis me gusta do verán é o mesmo que no inverno, que é a posibilidade de navegar.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

É unha estación máis quente, pero polo demais considero que é igual.

Está a ler algún libro, ou escoitando música...?

Pois si, estou escoitando música e ademais tamén estou lendo os orixinais dun premio de literatura de viaxes que convoca unha cadea de hoteis.

No seu repertorio pódense escoitar os grandes éxitos de Georgie Dann?

Georgie Dann é ese vello francés, verdade? Non o escoito, a verdade, pero se hai que escoitalo, escóitase.

E que é o que escoita entón?

Sobre todo música clásica, eu son moi maior, ¡parece que me fagas preguntas para quedar mal! A miña favorita é a música barroca, eu son moi mozartiano, pero gústanme todos eles. Non teño un compositor favorito, senón varios, e ademais sempre son os mesmos.

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

Si, efectivamente, e o que consegue vivir do seu hobby, como pode se-lo meu caso, é unha persoa afortunada.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Pois si, xa que senón está fodido.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Nin si nin non. Iso depende de como sexan as vacacións de cada un, se unha persoa está de vacacións todo o ano, obviamente viránlle.

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

A min é que os espazos virtuais non me gustan, prefiro os espazos físicos.

Como é o primeiro día de escritura trala tempada de vacacións? Custa arrincar?

Non o sei porque eu escribo tódolos días. Se falamos expresamente de escribir unha novela, iso implica que un ten que volver ler todo o que leva escrito para poder entrar en situación e escribir de novo. Escribir é como cultivar, xa que se non o cultivas perdes o estado de ánimo que cho permite facer.

O PERFIL

Nome: Alfredo Conde Cid

Lugar de nacemento: Allariz (Ourense)

Ano de nacemento: 1945

Obras: *Mencer de Lúas* (1986), *Mementos de vivos* (1974), *Xa vai o Griffón no vento* (1986), *A casa de Adara* (1996), *O fácil que é matar* (1998), *Un mar de literatura* (2003), *María das batallas* (2007)...

Premios: Premio da Crítica Española e de Galicia por *Breixo*, Premio da Crítica de narrativa 1984 e Premio Grinzave Cavour 1990 por *Xa vai o Griffón do vento*, Premio Nadal 2001 por *Los otros días*,

